



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2017

### **Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

### **Concelleiros ausentes:**

Dona Lorena Couso Dopazo.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día cinco de outubro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21 DE SETEMBRO DE 2017.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e un de setembro de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### **2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE LIMPEZA E PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE MORONO Nº 178, FORMULADA POR DON JOSÉ CAEIRO PÉREZ. EXPEDIENTE 86/2017-CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 16 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5077, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal

para obras de limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Morono nº 178, con referencia catastral 1206602NH331N0001QQ, formulada por D. José Caeiro Pérez. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías.

Segundo. En data 25 de setembro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

#### **Fundamentos de dereito:**

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Morono nº 178, con referencia catastral 1206602NH331N0001QQ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- a) Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Limpeza, reparación e pintado das fachadas do inmovible nunha superficie aproximada de 120 m<sup>2</sup>. Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

- b) Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- c) Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- d) Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá como consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEO RURAL DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto no planeamento respectivo segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, coma obras de conservación dun inmovible existente, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

#### **Propónse á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 16 de xuño de 2017, asinada por D. JOSÉ CAEIRO PÉREZ, para obras de limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no Lugar de Morono nº 178, con referencia catastral 1206602NH331N0001QQ, expediente 86/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de limpeza e pintado de fachadas de vivenda sita no lugar de Morono nº 178, formulada por don José Caeiro Rajoy. Expediente 86/2017/CP*, nos termos expresados anteriormente.

**3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE CANOS E LIMPEZA DE FACHADA TRASEIRA DE EDIFICACIÓN EXISTENTE SITA NO LUGAR DE ADUANA Nº 31, A PONTE, FORMULADA POR DON JOSÉ MANUEL BLANCO CADILLA. EXPEDIENTE 87/2017/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

**<<Antecedentes administrativos:**

Primeiro. En data 20 de xuño de 2017 ten entrada no Concello solicitude xeral formulada por D. José Manuel Blanco Cadilla, no que solicita licenza municipal para reparación de canalón e limpeza de fachada traseira da vivenda sita no Lugar de Aduana nº 31, A Ponte.

Segundo. En data 27 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite requirimento de documentación adicional necesaria para tramitación do expediente.

Terceiro. En data 29 de xuño de 2017 ten saída o requirimento da documentación referida polo técnico municipal.

Cuarto. En data 5 de xullo de 2017 o interesado achega documentación adicional.

Quinto. En data 11 de setembro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7336, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de reparación de canalón e limpeza de fachada traseira da vivenda sita no Lugar de Aduana nº 31, A Ponte, con referencia catastral 8205407NH2380N0001OJ, formulada por D. José Manuel Blanco Cadilla. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías.

Sexto. En data 22 de setembro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Fundamentos de dereito:**

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reparación de canalón e limpeza de fachada traseira da vivenda sita no Lugar de Aduana nº 31, A Ponte, con referencia catastral 8205407NH2380N0001OJ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándose na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- e) Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Reparación de canos (7 metros lineais) e limpeza de fachada traseira (50,00 metros cadrados) de edificación existente.
- f) Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- g) Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- h) Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- i) Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto na Lei do Solo de Galicia para o SOLO URBANO CONSOLIDADO segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, coma obras de conservación dun inmovible existente, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirer a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adotar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

### Propónse á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 11 de setembro de 2017, asinada por D. JOSÉ MANUEL BLANCO CADILLA, para obras de reparación de canalón e limpeza de fachada traseira da vivenda vivenda sita no Lugar de Aduana nº 31, A Ponte, con referencia catastral 8205407NH2380N0001OJ, expediente 87/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de reparación de canos e limpeza de fachada traseira de edificación existente sita no lugar de Aduana nº 31, A Ponte, formulada por don José Manuel Blanco Cadilla. Expediente 87/2017/CP*, nos termos expresados anteriormente.

**4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RECHEO E PAVIMENTACIÓN DE PARCELA SITA NO LUGAR DE A ESCRAVITUDE, CRUCES, PADRÓN, FORMULADA POR DON FERNANDO JOSÉ CASTAÑO BASCOY. EXPEDIENTE 51/2017/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 12 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3297, formulario de comunicación previa de obras de recheo e pavimentación de parcela sita no lugar de A Escravitude, Cruces, Padrón, con referencia catastral 8768408NH2386N0001LR, asinado por D. David Fernández Nogueira en representación de D. Fernando José Castaño Bascoy. Achégase coa solicitude proxecto técnico redactado polo arquitecto D. David Fernández Nogueira.

Segundo. En data 7 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Fundamentos de Dereito.**

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de recheo e pavimentación de parcela sita no lugar de A Escravitude, Cruces, Padrón, con referencia catastral 8768408NH2386N0001LR. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma no proxecto técnico achegado. Recheo e pavimentación de parcela para uso peonil e de aparcamento de vehículos.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado polo solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente autorización sectorial da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e polo tanto a intervención deberá cingirse ao condicionado xeral e particular da devandita autorización. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal, outras autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- e) Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto na Lei do Solo de Galicia para o SOLO URBANO CONSOLIDADO segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, coma obras de conservación dun inmovible existente, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a*



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Primeiro. En data 4 de xullo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5632, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de apertura de portal en peche existente en finca sita no Lugar de A Matanza nº 18, con referencia catastral 8621702NH2482S0001JK, formulada por D<sup>a</sup>. MARÍA JOSEFA BASCUAS MARIÑO. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías.

Segundo. En data 29 de setembro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de apertura de portal en peche existente en finca sita no Lugar de A Matanza nº 18, con referencia catastral 8621702NH2482S0001JK. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do*

*solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Apertura de portal de acceso á obra da propiedade.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto na Lei do Solo de Galicia para o SOLO URBANO CONSOLIDADO segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, coma obras de conservación dun inmovible existente, sen prexuízo do cumprimento



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modifícase a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomarase coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá percibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

#### **Propoño a adopción do seguinte ACORDO:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 4 de xullo de 2017, asinada por D<sup>a</sup> MARÍA JOSEFA BASCUAS MARIÑO, para obras de apertura de portal en peche existente en finca sita no Lugar de A Matanza nº 18, con referencia catastral 8621702NH2482S0001JK, expediente 98/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**Cuarto.** A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Quinto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Sexto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Oitavo.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de apertura de portal en peche existente en finca sita no lugar de A Matanza nº 18, formulada por dona María Josefa Bascuas Mariño. Expediente 98/2017/IITP*, nos termos expresados anteriormente coa incorporación da emenda presentada.

### **11.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA NO GARAXE SITUADO NO Nº 35 DA AVENIDA DE COMPOSTELA, FORMULADA POR DON CONSTANTINO ARTURO DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

#### **<<Antecedentes Administrativos.**

Primeiro. O 5 de abril de 2017, co número de rexistro de entrada 3034, don Constantino Arturo Domínguez Fernández solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a un garaxe situado no nº 35 da avenida de compostela.

Segundo. O 30 de maio de 2017, co número de rexistro de entrada 4512, don Constantino Arturo Domínguez Fernández presenta copia do plano do baixo para onde solicita o vado.

Terceiro. O 11 de maio de 2017 emítase o informe do Xefe da Policía Local que di que *"...realizó una inspección del lugar para el que se solicita la señalización, comprobando que se trata de un garaje de uso particular, habilitado para estacionamiento de varios vehículos, cinco o seis según las dimensiones. Dispone de un portal practicable con una anchura de 2,83 metros lineales( se adjunta fotografía). Engade ademais que para o caso de que se conceda a placa de vado "sería necesario señalar con dos marcas viales amarillas un espacio de una anchura similar a la del portal de entrada, desde la acera hasta el borde de la calzada, para que la zona de exclusión de estacionamiento quede perfectamente determinada".*

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Conceder a don Constantino Arturo Domínguez Fernández licenza de entrada e saída a través do garaxe situado na avenida de compostela nº 35, na súa modalidade de vado permanente cun ancho de 2,83 metros lineais e, en consecuencia, autorízaselle a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 241, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

**Segundo.** De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e ao técnico municipal de xestión económica para os efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

➤Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

➤Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

➤O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitud de licenza para entrada e saída de vehículos a través da vía pública no garaxe situado no nº 35 da avenida de Compostela, formulada por don Constantino Arturo Domínguez Fernández*, nos termos expresados anteriormente coa incorporación da emenda presentada.

#### **12.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA NO GARAXE SITUADA NO Nº 7 DA RÚA DOLORES, FORMULADA POR DONA ENCARNACIÓN PORTAS CASTRO.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

#### **<<Antecedentes Administrativos.**

Primeiro. O 26 de xuño de 2017, co número de rexistro de entrada 5386, dona Encarnación Portas Castro solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a un garaxe situado no nº 7 da rúa Dolores.

Segundo. O 28 de xuño de 2017 emítase o informe do Xefe da Policía Local que di que *“...realizó una inspección del local para el que se solicita la señalización, comprobando que se trata de un garaje habilitado para acoger vehículos en el interior (se adjunta fotografía). Dispone de un portal practicable con una anchura de 3,00 metros lineales.* Engade ademais que para o caso de que se conceda a sinalización



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

solicitada “non será necesario pintar marcas viales de delimitación del vado, al estar situado en una zona peatonal del casco urbano”.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Conceder a dona Encarnación Portas Castro licenza de entrada e saída a través do garaxe situado na rúa Dolores nº 7, na súa modalidade de vado permanente cun ancho de 3,00 metros lineais e, en consecuencia, autorízaselle a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 243, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

**Segundo.** De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e ao técnico municipal de xestión económica para os efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

➤Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

➤Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

➤O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitud de licenza para entrada e saída de vehículos a través da vía pública no garaxe situada no nº 7 da rúa Dolores, formulada por dona Encarnación Portas Castro*, nos termos expresados anteriormente.

**13.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA NA FINCA SITUADA NO LUGAR DE COUTO, FORMULADA POR DONA CONCEPCIÓN TORRADO VICENTE.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes Administrativos.**

Primeiro. O 24 de agosto de 2017, co número de rexistro de entrada 6863, dona Concepción Torrado Vicente solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a unha finca da súa propiedade situada no lugar de Couto.

Segundo. O 11 de setembro de 2017 emítase o informe do Xefe da Policía Local que di que “...realizó una inspección del lugar para el que se solicita la señal, comprobando que se trata de la entrada de una finca con acceso para vehículos. (se adjuntan fotografías). Dispone de un portal practicable con una anchura de 2,86 metros lineales. Engade ademais que para o caso de que se conceda a sinalización solicitada “ sería necesario pintar con marcas viales amarillas un tramo similar a la anchura del portal de entrada para que la zona de acceso al vado quede perfectamente delimitada”.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **Propoñó á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Conceder a dona Concepción Torrado Vicente licenza de entrada e saída a través da finca da súa propiedade situada no lugar de Couto, na súa modalidade de vado permanente cun ancho de 2,85 metros lineais e, en consecuencia, autorízaselle a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 244, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

**Segundo.** De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e ao técnico municipal de xestión económica para os efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitud de licenza para entrada e saída de vehículos a través da vía pública na finca situada no lugar de Couto, formulada por dona Concepción Torrado Vicente*, nos termos expresados anteriormente.



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**14.- SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DUN NOVO VEHÍCULO Á TARXETA DE ACCESO RODADO Nº 084/2017, INSTADA POR DONA MARÍA CARMEN BUSTELO RIAL, CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE MAIO DO 2017. EXPEDIENTE 275/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

### <<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 18 de maio do 2017 a Xunta de Goberno Local concedeu a dona María Carmen Bustelo Rial a Tarxeta número 84/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 3 situada no Caleixón do Castro nº 6, cos vehículos matrícula C-3917-BT e C-6721-AL.

Segundo. O 20 de setembro de 2017 presenta solicitude para a inclusión dun terceiro vehículo na devandita tarxeta número 84/2017. Achega coa solicitude permiso de circulación do novo vehículo con matrícula 5391-HLY e xustificante acreditativo do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Conceder e expedir a dona María Carmen Bustelo Rial unha nova Tarxeta número 84/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 3 situada no Caleixón do Castro nº 6, cos vehículos matrícula C-3917-BT, C-6721-AL e 5391-HLY, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa pola tramitación de solicitudes para a obtención de dita tarxeta regulada na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, previa entrega da tarxeta de aparcamento que obtivo con anterioridade.

**Segundo.** Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións

considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen falseados, procederase a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitíranse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.”

**Terceiro.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

**Cuarto.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>

Con carácter previo ao debate e votación do asunto auséntase da sesión o señor Alcalde, don Antonio Fernández Angueira, en cumprimento do establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo substituído na Presidencia da sesión por don Ángel Rodríguez Conde, primeiro tenente de Alcalde.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitude de inclusión dun novo vehículo á tarxeta de acceso rodado nº 084/2017, instada por dona María Carmen Bustelo Rial, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de maio do 2017. Expediente 275/2017-AZP*, nos termos expresados anteriormente.

Rematada a votación incorpórase á sesión o señor Alcalde, quen volve a ocupar a Presidencia da sesión.

**15.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 2 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR DON DANIEL BEJEGA LONGUEIRA. EXPTE. 447/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Primeiro. O 5 de xullo do 2017, co número de rexistro de entrada 5637, don Daniel Bejega Longueira presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do contrato de aluguer da praza de garaxe, permiso de circulación e ficha técnica do vehículo con matrícula 5221-GPW.

Segundo. O 7 de setembro do 2017 faise requirimento a don Daniel Bejega Longueira para que complete a documentación presentada, sendo aportada o 13 de setembro do 2017, con número de rexistro de entrada 7393.

Terceiro. O 18 de setembro de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 26 de setembro emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Cuarto. O 29 de setembro do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que o solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Conceder a don Daniel Bejega Longueira a Tarxeta número 114/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, co vehículo matrícula 5221-GPW, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

**Segundo.** Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar

visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición."

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, instada por don Daniel Bejega Longueira. Expte. 447/2017-AZP*, nos termos expresados anteriormente.

**16.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 5 SITUADA EN RÚA REAL Nº 20, INSTADA POR DON EMILIO MARTÍNEZ FRAIZ. EXPEDIENTE 503/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 28 de xullo do 2017, co número de rexistro de entrada 6322, don Emilio Martínez Fraiz presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 5 situada na rúa Real nº 20, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI e do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación dos vehículos con matrícula 1813-BFB e 9060-GZD e xustificantes acreditativos do pagamento





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017 dos vehículos.

Segundo. O 7 de setembro de 2017 faise requirimento a don Emilio Martínez Fraiz para que complete dita documentación, sendo presentada o 13 de setembro de 2017, con número de rexistro de entrada 7442.

Terceiro. O 18 de setembro de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 26 de setembro emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 158 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

Cuarto. O 29 de setembro do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que o solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Conceder a don Emilio Martínez Fraiz a Tarxeta número 115/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 5 situada na rúa Real nº 20, cos vehículos matrícula 1813-BFB e 9060-GZD, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por rúa Real (Norte).
- Saída: por rúa Real (Sur).

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

**Segundo.** Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

<<5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.>>

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 5 situada en rúa Real nº 20, instada por don Emilio Martínez Fraiz. Expediente 503/2017-AZP*, nos termos expresados anteriormente.

**17.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 26 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR DON JUAN MANUEL SÁNCHEZ GARCÍA. EXPEDIENTE 623/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 11 de agosto do 2017, co número de rexistro de entrada 6670, don Juan Manuel Sánchez García presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 26 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación e ficha técnica do vehículo con matrícula 1875-HFX e xustificante do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017.

Segundo. O 7 de setembro do 2017 faise requirimento a don Juan Manuel Sánchez García para que complete a documentación presentada, sendo aportada o 21 de setembro do 2017, con número de rexistro



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

de entrada 7683.

Terceiro. O 18 de setembro de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 26 de setembro emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Cuarto. O 29 de setembro do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que o solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Conceder a don Juan Manuel Sánchez García a Tarxeta número 116/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 26 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, co vehículo matrícula 1875-HFX, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

**Segundo.** Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.”

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 26 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, instada por don Juan Manuel Sánchez García. Expediente 623/2017-AZP*, nos termos expresados anteriormente.

## 18.- APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

**<<Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** Considerando que por providencia da Alcaldía de data 2 de outubro do 2017 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos que se relacionan na mesma con carácter previo á súa aprobación.

**Segundo:** Visto o informe da Intervención Municipal do 2 de outubro do 2017.

**Fundamentos de Dereito:**

**Único:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar as seguintes facturas e gastos e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións do orzamento vixente para o 2017 e polos importes que a continuación se indican:

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
6003323199	Agedi-Aie, taxas actuacións con motivo do Santiaguíño	338-22617	64,12 €	64,12 €
6003323198	Agedi-Aie, taxas actuacións con motivo do Santiaguíño	338-22617	64,12 €	64,12 €
E E-85-17	Barbatana S.L., xestión da piscina cuberta e ximnasio xullo	341-22706	8.133,22 €	8.133,22 €
A/177	Camiño do Sar S.L., artigos para festa do Santiaguíño do Monte	338-22617	74,00 €	74,00 €
764	Cars. T Picaraña S.C., reparación hidráulico	454-21300	223,85 €	223,85 €
757	Cars. T Picaraña S.C., reparación máquina de limpeza cunetas	454-21300	868,30 €	868,30 €
763	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras 1994-FVP	454-21400	324,10 €	324,10 €
765	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras 4970-FXW	454-21400	50,34 €	50,34 €
758	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras C-0932-AM	454-21400	730,11 €	730,11 €
767	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras C-4136-BP	454-21400	85,67 €	85,67 €
756	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras C-97266-VE	454-21400	285,95 €	285,95 €
761	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras C-97266-VE	454-21400	257,61 €	257,61 €
759	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras E-6479-BCC	454-21400	241,73 €	241,73 €
762	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo de obras E-6479-BCC	454-21400	73,08 €	73,08 €
760	Cars. T Picaraña S.C., reparación vehículo do xardín C-8740-BS	171-21400	7,26 €	7,26 €
766	Cars. T Picaraña S.C., reparacións realizadas ferros espellos	454-21300	62,44 €	62,44 €
021904 20627	Citylift S.A., mantemento ascensor C. Médico mes agosto	312-21200	168,19 €	168,19 €
021861 20623	Citylift, S.A., mantemento ascensor edificio servizos sociais setembro	2311-21200	93,47 €	93,47 €
A/234	Comercial Agrivama S.L., materiais subministrados	454-21000	1.000,19 €	1.000,19 €
A/131	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21000	117,54 €	117,54 €
A/132	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21000	216,71 €	216,71 €
A/133	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21000	131,97 €	131,97 €
A/134	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21300	131,88 €	131,88 €
A/136	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21000	39,59 €	39,59 €
A/137	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21300	112,51 €	112,51 €
A/135	Comercial La Unión, materiais subministrados	454-21000	59,97 €	59,97 €
454	Consorcio Galego Servizos de Igualdade e Benestar, servizo Xantar na casa meses de abril a xuño de 2017	2311-45390	759,85 €	759,85 €
208-1-08/49	Distribuciones Froiz S.A.U., produtos subministrados para familias necesitadas	2311-48001	238,81 €	238,81 €
208-1-08/2	Distribuciones Froiz S.A.U., produtos subministrados para familias necesitadas	2311-48001	640,63 €	640,63 €
21/2017	Ignacio A. Crespo Liñeiro, control e seguimento arqueolóxico recuperación museo de arte sacro de Iria Flavia e museo histórico de Padrón	920-22706	1.923,90 €	1.685,40 €
37	Javier Muro Alonso, espectáculo de maxia Sintonía Máxica	334-22615	450,00 €	394,21 €

19/17	Jesús Baliña de Jesús, dirección de ejecución material e coordinación seguridade e saúde Rehabilitación casa dos Capeláns	151-22706	5.534,54 €	4.848,44 €
A-346	José Carlos Barreiro García. Servides, servizo de desratización realizado	454-22699	1.089,00 €	1.089,00 €
04/17	M. <sup>a</sup> Cruz Lago Gómez, ramo de flores variado	334-22699	24,20 €	24,20 €
A/1234	Mayper Vestuario Laboral S.L., prendas de vestiario subministradas	135-22616	287,38 €	287,38 €
17P-769	Pensamentos Padrón LP, S.L., bandexas de plástico para protección civil	135-22699	15,97 €	15,97 €
17P-803	Pensamentos Padrón LP, S.L., papel subministrados para oficinas	920-22000	359,31 €	359,31 €
F17/1157/17	Previsonor S.L., servizo de prevención mes de agosto	920-22706	436,88 €	436,88 €
F17/1129/17	Previsonor S.L., servizo recoñecementos médicos a persoal	920-22706	3.251,75 €	3.251,75 €
00000070	Raul Rey Santos, Panadería, brona subministrada para o Santiaguíño	338-22617	355,30 €	355,30 €
79084	Rio Blanco S.L., hipoclorito subministrado	151-21000	330,33 €	330,33 €
2701261	Riperfer S.L.U., materiais subministrados no mes de agosto	454-21000	2.119,94 €	2.119,94 €
1/292	Serculga S.L., Librería Sar, materiais subministrados para voluntariado xuvenil	2311-22614	5,28 €	5,28 €
R170147	Servicios Gallegos de Lacería, S.L., servizo de lacería realizado o 01/08/17	920-22699	108,90 €	108,90 €
23	Sociedad Deportiva Esclavitud, gastos de arbitaxes no VI Torneo de Fútbol Base Concello de Padrón Pascua 2017	338-22613	288,00 €	288,00 €
A/455	Stampa tu Estilo S.C., placas de prohibido o paso subministradas	454-21000	44,77 €	44,77 €
Emit-21	Wecom Consultora de Comunicación y Relaciones Públicas S.L., deseño, desenvolvemento e elaboración de contidos da nova páxina web	920-22706	6.957,50 €	6.957,50 €
TOTALS			38.840,16 €	37.859,77 €

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación de facturas e gastos*, nos termos expresados anteriormente.

#### 19.- ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 18/2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

##### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Por Providencia da Alcaldía de data 2 de outubro do 2017 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos propostas para a súa ordenación de pago na relación nº 18/2017.

**Segundo:** O dito informe emitiuse en data 2 de outubro do 2017.



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Terceiro:** Considerando que as facturas propostas para a súa ordenación de pago na relación nº 18/2017 están propostas para ser aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local a celebrar o vindeiro 2 de outubro de 2017.

## Fundamentos de Dereito.

**Único:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

## PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro:** Ordena-lo pago da seguinte relación de facturas e gastos proposta, que comeza por Agedi-Aie, por importe bruto e líquido de 64,12 € e remata en Wecom Consultora de Comunicación y Relaciones Públicas S.L, por importe bruto de e líquido de 6.957,50 €, sendo o importe total bruto de 38.840,16 € e líquido de 37.859,77 €.

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	I. BRUTO	I. LIQUIDO	DATA APROBACIÓN
6003323199	AGEDI-AIE	64,12 €	64,12 €	05/10/2017
6003323198	AGEDI-AIE	64,12 €	64,12 €	05/10/2017
E E-85-17	BARBATANA S.L.	8.133,22 €	8.133,22 €	05/10/2017
A/177	CAMIÑO DO SAR S.L.	74,00 €	74,00 €	05/10/2017
764	CARS T. PICARAÑA S.C.	223,85 €	223,85 €	05/10/2017
757	CARS T. PICARAÑA S.C.	868,30 €	868,30 €	05/10/2017
763	CARS T. PICARAÑA S.C.	324,10 €	324,10 €	05/10/2017
765	CARS T. PICARAÑA S.C.	50,34 €	50,34 €	05/10/2017
758	CARS T. PICARAÑA S.C.	730,11 €	730,11 €	05/10/2017
767	CARS T. PICARAÑA S.C.	85,67 €	85,67 €	05/10/2017
756	CARS T. PICARAÑA S.C.	285,95 €	285,95 €	05/10/2017
761	CARS T. PICARAÑA S.C.	257,61 €	257,61 €	05/10/2017
759	CARS T. PICARAÑA S.C.	241,73 €	241,73 €	05/10/2017
762	CARS T. PICARAÑA S.C.	73,08 €	73,08 €	05/10/2017
760	CARS T. PICARAÑA S.C.	7,26 €	7,26 €	05/10/2017
766	CARS T. PICARAÑA S.C.	62,44 €	62,44 €	05/10/2017
011904 20627	CITYLIFT S.A.	168,19 €	168,19 €	05/10/2017
021861 20623	CITYLIFT S.A.	93,47 €	93,47 €	05/10/2017
A/234	COMERCIAL AGRIVAMA S..L.	1.000,19 €	1.000,19 €	05/10/2017
A/131	COMERCIAL LA UNIÓN	117,54 €	117,54 €	05/10/2017
A/132	COMERCIAL LA UNIÓN	216,71 €	216,71 €	05/10/2017
A/133	COMERCIAL LA UNIÓN	131,97 €	131,97 €	05/10/2017
A/134	COMERCIAL LA UNIÓN	131,88 €	131,88 €	05/10/2017
A/136	COMERCIAL LA UNIÓN	39,59 €	39,59 €	05/10/2017
A/137	COMERCIAL LA UNIÓN	112,51 €	112,51 €	05/10/2017
A/135	COMERCIAL LA UNIÓN	59,97 €	59,97 €	05/10/2017
454	CONSORCIO GALEGO SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	759,85 €	759,85 €	05/10/2017
208-1-08/49	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	238,81 €	238,81 €	05/10/2017
208-1-08/2	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	640,63 €	640,63 €	05/10/2017
21/2017	IGNACIO A. CRESPO LIÑEIRO	1.923,90 €	1.685,40 €	05/10/2017

37	JAVIER MURO ALONSO	450,00 €	394,21 €	05/10/2017
19/17	JESÚS BALIÑA DE JESÚS	5.534,54 €	4.848,44 €	05/10/2017
A-346	JOSÉ CARLOS BARREIRO GARCÍA	1.089,00 €	1.089,00 €	05/10/2017
04/17	M. <sup>a</sup> CRUZ LAGO GÓMEZ	24,20 €	24,20 €	05/10/2017
A/1234	MAYPER VESTUARIO LABORAL S.L.	287,38 €	287,38 €	05/10/2017
17P-769	PENSAMENTOS PADRÓN LP, S.L.	15,97 €	15,97 €	05/10/2017
17P-803	PENSAMENTOS PADRÓN LP., S.L.	359,31 €	359,31 €	05/10/2017
F17/1157/17	PREVISIONOR S.L.	436,88 €	436,88 €	05/10/2017
F17/1129/17	PREVISIONOR S.L.	3.251,75 €	3.251,75 €	05/10/2017
00000070	RAÚL REY SANTOS	355,30 €	355,30 €	05/10/2017
79084	RIO BLANCO S.L.	330,33 €	330,33 €	05/10/2017
2701261	RIPERFER S.L.U.	2.119,94 €	2.119,94 €	05/10/2017
1/292	SERCULGA S.L.	5,28 €	5,28 €	05/10/2017
R170147	SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA S.L.	108,90 €	108,90 €	05/10/2017
23	SOCIEDAD DEPORTIVA ESCLAVITUD	288,00 €	288,00 €	05/10/2017
A/455	STAMPA TU ESTILO S.C.	44,77 €	44,77 €	05/10/2017
Emit-21	WECOM CONSULTORA DE COMUNICACIÓN Y RELACIONES PÚBLICAS S.L.	6.957,50 €	6.957,50 €	05/10/2017
TOTALS		38.840,16 €	37.859,77 €	

**Segundo:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Ordenación de pagos nº 18/2017*, nos termos expresados anteriormente.

## 20.- APROBACIÓN DO CONTRATO DE SEGURO DA ACTIVIDADE “ANDAINA GOZA DO ULLA 2017”.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Primeiro:** Considerando que foi preciso proceder á contratación dunha póliza de seguro para a actividade “Andaina Goza do Ulla 2017”, celebrada o 16 de setembro de 2017 segundo a oferta presentada por Susavila Correduría de Seguros S.L., por un importe de 100,00 €.

**Segundo:** Visto que a mencionada póliza foi subscrita polo procedemento do contrato menor, por razón da contía e da duración da mesma, ao abeiro do disposto nos artigos 138.3 e 111.1 do TRLCSP.

**Terceiro:** Considerando que segundo o informe da Intervención Municipal de 28 de setembro de 2017 existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 341/224.00 do orzamento vixente para o 2017 e fíxose a oportuna retención de crédito.

### **Fundamentos de dereito.**

**Único:** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación e ordenación de pagos, en virtude do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o gasto de contratación da póliza de seguro para a actividade “Andaina Goza do Ulla 2017” celebrada o 16 de setembro de 2017, coa aseguradora Susavila Correduría de Seguros S.L., por importe total de 100,00 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 341/224.00 do orzamento vixente.

**Segundo:** Ordenar o pago da devandita póliza a Susavila Correduría de Seguros S.L., por importe total de 100,00 €.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación do contrato de seguro da actividade “Andaina Goza do Ulla 2017”*, nos termos expresados anteriormente.

### 21.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN POLÍTICA LINGÜÍSTICA 2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

#### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Vista a orde do 6 de abril de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

**Segundo:** Vista a resolución do 11/7/2017 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se conceden subvencións as entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao amparo da convocatoria regulada na orde do 6 de abril de 2017.

**Terceiro:** Visto que segundo a mencionada resolución lle foi concedida a este Concello unha subvención por importe de 1.467,00 €.

**Cuarto:** Vista a certificación expedida polo interventor municipal en data 28 de setembro de 2017, que obra no expediente.

#### Fundamentos de dereito:

**Único:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

## PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobala conta xustificativa da subvención concedida a este Concello para a promoción do uso da lingua galega, de acordo co seguinte detalle:

Nº de factura	Data	Provedor	Concepto	Importe	I.V.E.	TOTAL	DATA RECOÑECE MENTO DA OBRIGA	DATA DE PAGO

79/2017/C	20/07/17	Celtia Figueiras Rama. Títeres a Xanela do Maxín	Actividade dinamización lingüística . A nosa Cultural de galego. Representación "O Murmullo do Mar" na rúa	520,66 €	109,34 €	630,00 €	13/09/17	25/09/2017
2017 17	26/07/17	Troula Animación S.L.	Actividade de dinamización lingüística "a nosa cultura en galego": Uxia Lambona e a Banda Molona o 19 de xullo do 2017	1.070,00 €	224,70 €	1.294,70	13/09/2017	25/09/2017
<b>TOTAIS</b>						<b>1.590,66 €</b>	<b>334,04 €</b>	<b>1.924,70 €</b>

**SEGUNDO:** Que se cumpriu a finalidade da mencionada subvención.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación conta xustificativa subvención Política Lingüística 2017*, nos termos expresados anteriormente.

## 22.- APROBACIÓN DAS BASES DO IV CERTAME POÉTICO ROSALÍA DE CASTRO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

### <<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión extraordinaria celebrada o 16 de febreiro do 2015, aprobou a creación do Certame Poético Rosalía de Castro no Concello de Padrón que se convocará anualmente e estará dotado cun premio en metálico de 1.500,00 euros brutos que será entregado ao gañador ou gañadora o 17 de maio, ou na data máis próxima posible a esta, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e conmemoración da efeméride, por ser o 17 de maio de 1863 cando se publicou en Vigo Cantares Gallegos.

Segundo. En virtude do dito acordo plenario preténdese convocar a IV Edición do Certame Poético Rosalía de Castro e aprobar as súas bases reguladoras coa intencionalidade de renderlle homenaxe á figura da poetisa e contribuír á difusión da súa figura e obra, así como da poesía e lingua galega, e por elo a concelleira delegada dona Lorena Couso Dopazo, incoa o procedemento mediante proposta asinada o 18 de setembro do 2017.

Terceiro. A dita proposta é fiscalizada pola Intervención Municipal no seu informe de 27 de setembro do 2017, condicionando a súa fiscalización favorable á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 334/226.05 do orzamento do 2018.

### Fundamentos de dereito.

Único: Considerando o disposto na base número 43 das de execución do orzamento municipal e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

### Propoño a adopción do seguinte ACORDO:



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.** Aprobar a convocatoria da IV edición do Certame Poético Rosalía de Castro.

**Segundo.** Aprobar as bases reguladoras da IV edición do Certame Poético Rosalía de Castro, que se transcriben a continuación:

*<<Primeira. Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas en lingua galega non premiadas noutros concursos.*

*Segunda. O premio é único e indivisible e estará dotado coa cantidade de 1500 euros, e un diploma acreditativo.*

*A obra premiada será publicada na colección de Poesía Rosalía de Castro do Concello de Padrón.*

*Terceira. O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será en papel, con tipo de letra Arial e tamaño 12.*

*Cada obra será presentada por quintuplicado, baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre, en cuxo exterior conste: IV Premio de Poesía Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa o autor ou autora da obra; no seu interior será incluída unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, un breve currículo e unha declaración de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.*

*Cuarta. O prazo de presentación comezará o 2 de xaneiro e rematará o 15 de marzo de 2018.*

*Os traballos enviaranse ao Concello de Padrón, Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), indicando no sobre IV Premio de Poesía Rosalía de Castro.*

*Quinta. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do Concello de Padrón e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegado/a de cultura, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación e/ou eido cultural, que será nomeados por resolución do alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria a da corporación ou funcionario/a no/na que delegue.*

*Sexta. Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.*

*O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.*

*As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.*

*A decisión do xurado terá lugar antes do 17 de maio do ano 2018 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.*

*O premio será entregado no mes de maio.*

*A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data próxima ao dito día.*

*Sétima. Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.*

*Oitava. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.>>.*

**Terceiro.** Que se aprobe o gasto que comportará a concesión do premio de referencia con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.05 do orzamento do 2018 por importe bruto de 1.500,00 €.

**Cuarto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- a) Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- c) O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación das bases do IV Certame poético Rosalía de Castro*, nos termos expresados anteriormente.

### **23.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE PADRÓN. EXPEDIENTE NÚMERO 04/2017-RP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 11 de maio de 2017, dona Josefina Pérez Boullón, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Padrón polos danos causados o 12 de marzo de 2017 no seu vehículo, matrícula 9627DJM, consecuencia dunha manobra de estacionamento na carretera vella lindante co quiosco Peregrino, na que cortou o neumático da roda traseira dereita cun resto de soporte dunha antiga sinal de tráfico. Achega copia do permiso de circulación do vehículo, da ficha técnica e da factura A/243 de Leandro Crespo Rodríguez.

Segundo. Incorpórase ao expediente o informe da Policía Local emitido o 12 de marzo de 2017 no que se describe o accidente:

*"El conductor del vehículo estaba realizando la manobra de estacionamiento en el lugar indicado cuando la rueda trasera derecha sufrió un corte en un hierro que sobresalía del suelo, resto del soporte de una antigua señal de tráfico"*

Achégase tal e como se di no mesmo, dúas fotografías nas que se aprecian danos no neumático e o ferro que sobresa do asfalto, así como croquis do lugar dos feitos.

Cuarto. Por Resolución do Alcalde número 563/2017, do 11 de agosto de 2017, admítase a trámite a reclamación, noméase instructor do expediente a don José Ramón Pardo Andrade, concelleiro delegado dos servizos básicos municipais.

Quinto. A anterior resolución é notificada a reclamante.

Sexto. De conformidade co establecido no artigo 11 do Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (Real Decreto 429/1993, de 26 de Marzo), ofrécéselle un



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

trámite de audiencia dispoñendo vostede dun prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte o que se reciba esta notificación para formular as alegacións que considere oportunas na súa defensa e presentar canta documentación estime oportuna en calquera momento durante a tramitación do procedemento, podendo comparecer si así o estima oportuno, nas dependencias do Concello para tomarlle manifestación dos feitos.

Así mesmo, requíreselle que achegue orixinal ou copia compulsada de diversa documentación como é, permiso de circulación, factura dos danos sufridos ou no seu caso peritación ou avaliación dos mesmos, no caso de que existan fotografías ou peritaxe do vehículo sinistrado deberá ser achegado, tarxeta de inspección técnica, carné de conducir da persoa que levaba o vehículo no momento do accidente e póliza do seguro que amparaba a circulación do vehículo e recibo de pago da prima da anualidade correspondente ó momento do sinistro, certificado de titularidade de conta bancaria, e comunícaselle que, de acordo co artigo 68.1 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, de non remitir os documentos solicitados no prazo de 10 días, consideraríase desistido da súa petición, procedéndose sen máis trámite o arquivo da mesma, cos efectos previstos no artigo 21 da mesma lei.

Sétimo. En base á Providencia do Órgano instructor dos expedientes de responsabilidade patrimonial de data 29 de setembro de 2017, emítese informe en relación ao expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial número 04/2017-RP, o 29 de setembro de 2017.

oitavo. O 29 de setembro de 2017, o instructor don José Ramón Pardo Andrade formula proposta de resolución, propoñendo estimar a reclamación patrimonial, procedendo, en consecuencia, a indemnizar a reclamante por quedar acreditado o nexos causal

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. A Constitución Española no seu artigo 106.2 establece que *“los particulares, en los términos establecidos en la Ley, tendrán derecho a ser indemnizados por toda lesión que sufran en cualquiera de sus bienes y derechos salvo en los casos de fuerza mayor, siempre que la lesión sea consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos.”*

As Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolven este precepto constitucional e fixan os principios, condicións e límites da responsabilidade da administración e o Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial (RRP), que establece o procedemento para poder esixila. Esta lexislación ten o carácter de básica e polo tanto aplicable á administración local. De feito os artigos 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) e o 223 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), remítese a ela.

Segundo. Vista a proposta de terminación formulada polo órgano instructor o 29 de setembro de 2017 de acordo co establecido no artigo 18 do real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial.

Terceiro. Considerando que a competencia para a aprobación da reclamación de responsabilidade patrimonial é do Alcalde de acordo ao disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e o 61.1.s) da Lei de administración local de Galicia (LALG), pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### PROPOÑO

**Primeiro.** O Concello de Padrón acepta a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Josefina López Boullón, expediente número 04/2017-RP, na que solicita a indemnización dos danos ocasionados no seu vehículo, matrícula 9627DJM, consecuencia dunha manobra de estacionamento na

carretera vella lindante co quiosco Peregrino, na que cortou o neumático da roda traseira dereita cun resto de soporte dunha antiga sinal de tráfico o 12 de marzo de 2017.

**Segundo.** Declarar responsable dos danos producidos ao Concello de Padrón

**Terceiro.** Valorar a indemnización que lle corresponde a dona Josefina López Boullón polos danos causados no seu vehículo seguindo a facturas dos danos valorados por Crespocar, por importe de 136,44 euros, dos cales de acordo informe do 29 de setembro de 2017, se fai fincapé en que o dano unicamente se produxo nun dos neumáticos, polo que se trata dun dano individualizable economicamente na factura presentada, polo que o importe a abonar debe ser o de sesenta e oito euros con vinte e dous céntimos 68,22 €.

**Cuarto.** Aprobar o gasto, recoñecer a correspondente obriga e ordear o pago da indemnización sinalada na cláusula anterior no prazo máximo de tres (3) meses tal e como sinala o artigo 24 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, mediante transferencia ao número de conta bancaria que achegou a interesada.

**Quinto.** Dar traslado da presente resolución á Tesourería e Intervención Municipal.

**Sexto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas no procedemento así como á compañía aseguradora da responsabilidade civil do Concello no momento de producirse os feitos, e dar conta da mesma ao pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Sétimo.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, postestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o asina, no prazo dun mes contado desde o día da súa sinatura, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Resolución do procedemento de reclamación de responsabilidade patrimonial do Concello de Padrón. Expediente número 04/2017-RP*, nos termos expresados anteriormente.

**24.- APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS PARA O FINANCIAMENTO DAS AULAS DA TERCEIRA IDADE DE PADRÓN. CURSO 2016-2017.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos:**

**Primeiro:** Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/10/2016 polo que se concede unha subvención directa á Asociación Galega de Formación Permanente de Adultos por importe de 3.000,00 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do orzamento xeral do Concello de Padrón para o exercicio económico 2017, quedando supeditada a concesión da subvención e a validez do convenio de referencia á existencia de crédito axeitado e suficiente para a realización do citado gasto no exercicio económico 2017, e polo que se aproba o convenio a través do cal se articulará a devandita subvención.

**Segundo:** Visto o convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Padrón e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de adultos para o curso 2016-2017 en data 13/10/2016.

**Terceiro:** Considerando que a cláusula segunda apartado D) do devandito convenio establece que o Concello se compromete a subvencionar á dita asociación coa achega dunha cantidade máxima de 3.000,00 euros con cargo á correspondente aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais do Concello de



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Padrón para o exercicio económico 2017, quedando supeditada a concesión desta subvención e a validez do presente convenio á existencia de crédito axeitado e suficiente para a realización do citado gasto no exercicio económico 2017.

**Cuarto:** Considerando que no orzamento vixente existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311/480.00 para imputar o gasto derivado da xustificación presentada pola Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de adultos do cumprimento do obxectivo e finalidade da subvención concedida respecto ao curso 201/2017, conforme ao disposto na cláusula segunda do Convenio regulador de dita subvención directa.

**Quinto:** Vista a xustificación presentada pola Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos en data 20/09/2017, con NRE 7614.

**Sexto:** Visto o informe da Intervención Municipal de fiscalización da devandita xustificación de 22 de setembro do 2017.

#### **Fundamentos de Dereito:**

**Primeiro:** Considerando que a xustificación da subvención realizouse correctamente e no prazo, cumpríndose pois as obrigas fixadas nas cláusulas do Convenio.

**Segundo:** Considerando que os obxectivos aos que ía destinada a presente subvención se realizaron nos termos previstos no convenio suscrito.

**Terceiro:** Tendo en conta que a xustificación das subvencións apróbase, previo informe da Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

#### **POR ESTA ALCALDÍA, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a xustificación da subvención concedida á Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos polo desenvolvemento das Aulas da terceira idade curso 2015/2016, con CIF G-15496607, por importe de 3.000,00 euros e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00 do orzamento vixente.

**Segundo.** Ordenar o pago da subvención de referencia á entidade beneficiaria.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Aprobación da xustificación da subvención concedida á Asociación Cultural Galega de formación permanente de adultos para o financiamento das aulas da terceira idade de Padrón. Curso 2016-2017*, nos termos expresados anteriormente.

#### **25.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á FUNCIONARIA DA CORPORACIÓN DONA MARÍA PILAR GONZÁLEZ CASTRO, POR REALIZAR FUNCIÓNS DE TESOURERÍA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

#### **<<Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** Vista a Resolución da Alcaldía nº 387/2017 de 9 de xuño, pola que se nomea á administrativa María Pilar González Castro, tesoureira accidental durante o período comprendidos entre o 5 o 9 de xuño de 2017, por ausencia regulamentaria da titular.

**Segundo:** Vista a providencia do Concelleiro delegado de persoal de 29 de setembro de 2017 na que se establece que se debe retribuír a actividade extraordinaria e a maior responsabilidade e dedicación que supón dita substitución mediante o complemento de produtividade, que segundo o artigo 5.1 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril retribúe ditas circunstancias e forma parte da estrutura retributiva do persoal funcionario, ao amparo do disposto no artigo 23.3 da Lei 30/1984 e habida conta de que o Concello Pleno aprobou no orzamento xeral do exercicio económico 2014 prorrogado para o 2017 unhas cantidades globais para a asignación do complemento de produtividade aos funcionarios municipais, e na que se propón que polo Departamento de Tesourería se proceda ao cálculo do complemento de produtividade da funcionaria da Corporación dona María Pilar González Castro, aplicando o criterio da diferenza entre as retribucións complementarias do seu posto de traballo e as retribucións complementarias do posto da Tesoureira.

**Terceiro:** Visto o cálculo de dito complemento de produtividade realizado pola Tesoureira municipal en informe de 29 de setembro de 2017

**Cuarto:** Visto o informe da Intervención Municipal de 29 de setembro de 2017.

**Quinto:** Considerando que o feito de que non se teñan establecido mediante acordo plenario os criterios para a distribución e asignación do complemento de produtividade non debe ser óbice para que se poda aprobar a súa distribución e asignación cando se dan obxectivamente as circunstancias dunha actividade extraordinaria motivada pola asunción das tarefas propias do posto de Tesoureira e considerando que a fórmula de cálculo é obxectiva ao aplicarse as diferenzas das retribucións complementarias dos distintos postos de traballo, que son as que retribúen as condicións particulares dos postos en atención a súa especial dificultade técnica, responsabilidade, especialización, etc... sen prexuízo todo elo de que se proceda a adoptar, á maior brevidade posible, o correspondente acordo plenario para establecer os criterios de distribución e asignación do complemento de produtividade da forma legalmente prevista no artigo 5 do RD 861/1986.

**Sexto:** Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 931/150.00 do orzamento vixente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica.

#### **Fundamentos de dereito:**

**Único:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

